

OS SOCIALISTAS DE TRABADA PRESENTARÁN O SEU PROGRAMA POLAS PARROQUIAS; “O PROXECTO DE FUTURO PARA IMPULSAR ESTE CONCELLO”

Explicarán aos veciños os principais eixos de actuación dos próximos catro anos, así como as medidas de transparencia e o bo goberno que levarán a cabo se acadan a súa confianza para poñer á cidadanía no centro da acción política

Trabada, 13 de maio de 2015.- O PSdG-PSOE de Trabada anuncia que presentará o seu programa polas parroquias do municipio. Trátase, segundo afirma a candidata socialista – Mayra García- “do proxecto de futuro, que permitirá dar o impulso que necesita este concello”.

“Presentaremos o noso programa electoral, un programa participativo, realizado despois de visitar @s veciñ@s e formado polas súas propostas, coa finalidade de que o noso goberno sexa a solución dos seus problemas”, subraia.

Neste senso, adianta que desenvolverán unha serie de medidas para garantir a transparencia e o bo goberno e para poñer á cidadanía no centro da acción política. “Esta é a pretensión do PSdG-PSOE de Trabada”, afirma. Para elo, cren necesario achegarse ás parroquias e dar coñecer o programa de actuación dos vindeiros catro anos.

Cronograma

Os actos que levarán a cabo son os seguintes:

- Venres, 15 de maio, ás 22:00 horas, no Centro Cívico en Valboa.
- Sábado, 16 de maio, ás 22:00 horas, no Centro Cívico en Vidal.
- Domingo, 17 de maio, ás 20:00 horas, no Centro Cívico en Vilapena; e ás 22:00 horas, no Centro Cívico en Trabadela.
- Luns, 18 de maio, ás 22:00 horas, no Centro Cívico en Fórnea.
- Martes, 19 de maio, ás 20:00 horas, no Teleclube en Vilaformán; e ás 22:00 horas, no Centro Cívico en Vilar Betote.
- Mércores, 20 de maio, ás 22:00 horas, no Centro Cultural da Casa da Cultura en Trabada.
- Xoves, 21 de maio, ás 22:00 horas, no Teleclube en Sante.

